

Número de sílabas

Baixo este apartado consignamos o número de sílabas de cada verso nunha copla, estrofa ou hemistiquio.

Os **números arábigos** correspondentes á cantidade de sílabas están **separados por puntos (.)**. A serie de números irá **entre parénteses** cando o **nº de sílabas non sexa estrito** (cando haxa irregularidades –hipometrías ou hipermetrías- frecuentes nas distintas estrofas, ou extensións internas –como sílabas baleiras-, que deixan percibir a estrutura métrica básica). De haber **máis dun tipo de versificación** nunha peza, estes van **separados por comas**. No caso das formas compostas, estas van separadas do signo + (*formato: espazo, signo +, espazo*).

Exemplos:

6.6.6.6.

8.8.8.8.

7.7.

8.8.8.8. + 6.6.6.6.

(11.11.), 8.8.8.8.

Nota: Se queremos atopar resultados onde teñamos calquera forma -estrófica ou non- onde teñamos octosílabos, debemos efectuar a busca con un (8.) ou dous (8.8.) números. Neste caso obteremos todos os resultados onde hai un verso octosílabo, ou dous versos octosílabos, ademais das que teñen un número superior de versos (por exemplo: 8.8.8.8., ou: 8.8.8.8.8.8.). Se efectuamos a busca con catro versos octosilábicos (8.8.8.8.), non nos sairán reflectidas as entradas de menos versos (por exemplo, de dous: 8.8.).